




COSTA DE O VICEDO

Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2019



Distancia: 21,5 km (lineal) + camiñadas
Dificultade:



- 1-Praia da Abrela
- 2-Porto do val
- 3-Praia e punta Alecrín
- 4-Illote Gabeira
- 5-Monte Queimado.
Punta Sucastro. Fuciño de Porco.
- 6-Praia e enseada da Pereira.
- 7-Puntas Lodelas e da Pereira.
- 8-Praia de San Román
- 9-Rego do Vilar.
Praia de Area Grande.
- 10-Os Castelos
- 11-Punta Merceira
- 12-Miradoiro de Moreiras
- 13-Toxoso. As Herbosas.
Punta Famenta.
- 14-Puntas Pena Rubia
e da Anchousa

- 15-Punta do Embarcadoiro
ou das Laxes. Enseada do Pan.
- 16-Illa Coelleira
- 17-Corgo Escuro. Punta Chileteira.
- 18-Praia de Xilloi
- 19-Punta Balseiro
- 20-Punta dos Calzós
- 21-Punta Congreira
- 22-Praia do Caolín
- 23-Punta do Castro
- 24-Praia Vidreira
- 25-Porto do Vicedo
- 26-Punta Castelos
- 27-Praia do Fomento
- 28-Praia de Arealonga
- 29-Cova de Arealonga
- 30-A Barra. Ría do Barqueiro
- 31-Praia Chamadoiro
- 32-Esteiro do Sor



O concello de O Vicedo forma parte do tramo coñecido como Arco Cantábrico, chamado tamén Rías Altas, á beira do mar Cantábrico. O litoral abrangue a banda esquerda da parte exterior da ría de Viveiro, unha zona aberta ao Cantábrico, a illa Coelleira e toda a banda dereita da ría do Barqueiro. Unha costa de cantís altos e recortados e varios seos, máis ou menos extensos e recollidos, naqueles polos que saen ao mar diferentes regos, acumúlase a area que da lugar a fermosas praias. É unha costa dun enorme valor paisaxístico, xeolóxico e natural, que está protexida nos LIC e ZEPA “Costa da Mariña Occidental”. As principais actividades son a pesca e o marisqueo, as actividades do sector forestal, pequenas industrias relacionadas co mar e a madeira, e os servizos.



Vista xeral da Ría do Barqueiro desde o Semáforo de Bares

RÍA DO BARQUEIRO

Ábrese entre as puntas de Embarcadoiro e Bares. Ten dous tramos ben definidos, o esteiro do Sor, máis pechado e pouco influído polo mar (agás as mareas), con abundantes sedimentos que quedan ao descuberto ao debalar o mar, e a parte que vai desde o porto de Barqueiro, ata a boca da ría, máis aberta e profunda. É unha ría de beiras escarpadas, con cantís, máis altos entre O Vicedo e Punta Cabeiro (na parte oriental) e nas puntas Almeiro e do Santo. As rochas dominantes son granitos resistentes, con abundante seixo, e no esteiro aparecen tamén cuarcitas, lousas e gneis. Na banda oriental da ría aparecen algunhas bandas de ollo de sapo.



RÍO SOR

As súas cabeceiras son o Xantos (que nace no Pico Montouto) e o Tras da Serra co Batán e Solloso, que nacen no Alto de San Xoán. Recolle as augas da Gañidoira e das serras da Faladoira e Coriscada. Corre bastante rápido e encaixado ata preto da desembocadura onde forma un amplo esteiro na ría do Barqueiro, despois de 49 km.



RÍA DE VIVEIRO

Ocupa o comezo da chamada falla de Viveiro que chega case ata o Courel. Ábrese entre as puntas Cameiro e Mansa, cun largor de 7 km e bastante profundidade. Na formación desta ría tivo unha gran influencia a diferente resistencia das rochas. A súa beira esquerda é de xistos e a dereita de granito de mica negra. Figura como Punto de Interese Xeolóxico e como Paisaxe Sobresainete.



LUGAR DE INTERESE XEOLÓXICO 2001. Ría de Viveiro
Interese: Xeomorfolóxico. Estratigráfico. Tectónico. Mineiro-metaloxenético. Petrolóxico-xeoquímico.
Unidade Xeolóxica: depósitos e formas de modelado costeiros e litorais.



Carran cristado (*Thalasseus sandvicensis*)

LIC e ZEPA: COSTA DA MARIÑA OCCIDENTAL

Espazo nos concellos de Cervo, O Vicedo, Viveiro e Xove que inclúe as illas Farallóns de Cervo e a costa desde a Enseda, en Morás, ata a frecha do río Sor, na ría do Barqueiro e os illotes fronte a ela. Exclúe os espazos urbáns. Na ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves) está protexida unha ampla faixa mariña. Ten un grande interese xeolóxico, paisaxístico e ecolóxico. Podense atopar ecosistemas mariños areosos e rochosos, cantís, dunas e esteiros cunha grande diversidade de flora e fauna. Os illotes acollen importantes colonias de aves nidificantes, ás que hai que engadir un bo número de aves mariñas nas épocas de paso (carráns, mascatos, corvos mariños...)

PERCORRIDO

Comezamos na **praia da Abrela** a onde chegamos desde Escourido (Viveiro) e despois de vela continuamos ata o acceso ao **Fuciño de Porco** (a Fuciño de Porco só se pode acceder a pé, e son algo máis de 4 km ida e volta). Logo, pasado Suegos collemos un desvío á dereita que nos leva ao Folgueiro, na estrada principal, por ela, á dereita, seguimos ata **San Román** onde temos que coller un curto desvío á **praia**. Feita a visita, e de novo na estrada, logo atopamos á dereita o **miradoiro de Moreiras**, con vistas sobre a costa próxima e sobre a ría. Un pouco máis adiante temos que coller un desvío á dereita para achegarnos ao **miradoiro do Toxoso** camiño da **praia de Xilloi**. De Xilloi imos xa a **O Vicedo** para dirixirnos ao **porto** que ten ao seu carón a **praia de Vidreiro** e o paseo que permite achegarse á **punta do Castro**, onde está a Baliza, e seguir pola beira ata a **praia do Caolín** (este traxecto tamén o podemos facer en coche pero só hai que camiñar uns 800 m ida e volta). Logo rodeando a **praia do Vicedo** podemos achegarnos ao paseo e a **praia dos Castelos**. Saíndo de O Vicedo temos un desvío á dereita, estrada sen saída, para achegarnos á **praia de Area Longa** e máis adiante un desvío á esquerda para ir á **praia de Chamadoiro**, na desembocadura do Sor, que ten o aparcamento, pasando por debaixo da ponte da estrada, a só uns 300 m da **Cova** que, se está a marea baixa, non podemos deixar sen ver.



1-Praia da Abrela, de 560 m de lonxitude.



2-Porto do val





3-Praia e punta Alecrín



Medas do Castro




Cetárea Medas do Castro



4-Illote Gabeira



Monte Queimado




5.Punta Sucastro. Fuciño de Porco.



6-Praia e enseada da Pereira.



7-Puntas Lodelas e da Pereira.



8-Praia de San Román



9-Rego do Vilar.



Praia de Area Grande. Mide case 1 km de lonxitude e conta cun importante sistema dunar que obstaculiza a saída ao mar dos ríos Rendo e do Vilar.




10-Os Castelos



11-Punta Merceira



12-Miradoiro de Moreiras



13-Miradoiro de Toxoso



As Herbosas. Punta Famenta.



14-Punta da Anchousa



15-Punta do Embarcadero ou das Laxes. Enseada do Pan.






16-Illa Coelleira



17-Corgo Escuro



Punta Chileira




18-Praia de Xilloi e gneis "ollo de sapo"



19-Punta do Balseiro

Baixos do Peado



20-Punta dos Calzós

Punta do Campo Branco



21-Punta Congreira



22-Praia do Caolin



23-Punta do Castro



24-Praia Vidreira



25-Porto do Vicedo



Panorámica de O Vicedo



Praia de O Vicedo




26-Punta dos Castelos



27-Praia do Fomento ou dos Castelos



28-Praia e cova de Arealonga





29-Cova de Arealonga



31-Praia Chamadoiro



30-A Barra. Ría do Barqueiro



32-Esteiro do Sor
Ponte de ferro sobre o río Sor, construída en 1901 e recentemente restaurada